

Xosé Alberte Corral Iglesias

Mestre e escritor, autor do libro de relatos 'Do Lusco Fusco'

"A Costa da Morte comeza en Monte Alto e remata en Fisterra, ou ó revés"

Vén de publicar unha recompilación de contos ambientados na paisaxe do litoral coruñés máis escarpado. Xosé Alberte Corral demostra neles que coñece ben a zona

Mari Carmen Suárez

CARBALLO

Xosé Alberte Corral Iglesias compaxina o seu traballo de profesor no instituto Monte Neme de Carballo co seu labor de escritor. Confesa que vive do ensino e tamén que lle gustaría facelo da literatura. Corral Iglesias acaba de publicar o seu último libro *Do lusco-fusco*, unha colección de relatos curtos dos que a meirande parte están creados coa inspiración posta na Costa da Morte. Bo coñecedor de toda esta zona, asegura con rotundidade que "A Costa da Morte nace en Monte Alto e morre en Fisterra ou ó revés, nace en Fisterra e morre en Monte Alto".

—¿Que teñen en común os relatos publicados no seu último libro?

—A maioría deles están ambientados na Costa da Morte, que eu considero que nace ou remata en Monte Alto ou o revés, nace ou morre en Fisterra. Aínda que tamén hai algúns que están situados en América Latina. Recollen vivencias de xente que coñecían convertidas en material literario, xa que non son crónicas. Moitos destes relatos teñen unha compoñente onírica ou máxico-real.

—Hai moitos autores que se inspiran nesta zona á hora de escribir os seus libros. ¿Pódese dicir que a comarca está de moda?

—Non é que estea de moda, pero é que na Costa da Morte houbo un movemento interesante de xente nova, xente que naceu alí, que tiña sensibilidades literarias e poéticas e que ó mellor tiveron a sorte de contar con bos profesores de literatura. Polo tanto pode que se conxugasen estes dous factores.

—¿Inspírase ningún autor galego á hora de escribir os seus relatos?

—Eu intento beber dos grandes *cuentistas* galegos como Dieste, Blanco Amor, Cunqueiro, Ánxel Fole..., á vez que constrúo ligames con outros narradores de relatos curtos hispanoamericanos como Monterroso ou Cortázar. Con esto non quero dicir que sexa discípulo destes grandes escritores, senón que eles son coma fachos que me mostran o xeito de escribir.

—Compaxina a profesión de mestre coa devoción pola escritura, pero ¿vostede vive do seu traballo de profesor ou da literatura?

—Eu vivo do meu traballo



M. C. S.

Xosé Alberte Corral Iglesias posa cun exemplar do seu libro nun xardín de Carballo.

DRAMA LITERARIO

"Para min, o grande drama da literatura galega é ter un pobo analfabeto"

CONFLICTO NORMATIVO

"Escribo en normativa reintegracionista, que está sendo perseguida polos organismos oficiais"

INFLUENCIAS

"Intento beber dos grandes 'cuentistas' galegos como Blanco Amor, Dieste, Cunqueiro ..."

no ensino, aínda que por suposto que me gustaría vivir da literatura.

—¿Cando vai presentar publicamente este libro que acaba de sacar á rúa?

—No mes de outubro espero

UN EMIGRANTE NA CORUÑA

Xosé Alberte Corral Iglesias naceu en Monte Alto (A Coruña) no ano 1946, onde reside actualmente. De tódolos xeitos o autor está moi ligado a toda a zona da Costa da Morte. A súa última publicación, *'A carom da bretema'*, foi un libro escrito fronte ó mar de Corcubión, xa que por aquel tempo impartía clases en Cee. O seu espírito cosmopolita levouno a percorrer diferentes países como Chile, Arxentina, Suíza ou Venezuela, entre outros, de aí as influencias americanas que plasma nos seus libros.

que poida presentalo en Carballo e logo tamén se fará por outras cidades galegas.

—Vostede escribe en galego reintegrado. ¿É consciente das limitacións que isto supón?

—Si, por suposto. Esta normativa está sendo perseguida polos organismos oficiais, polo que son consciente das limitacións que existen. De aí que queira destacar o traballo da editorial Baía por publicarme este libro e arriscar polos reintegracionistas.

—¿Ten algún proxecto máis en mente?

—Eu parto de que é a palabra a que nos posúe e, polo tanto, se non me abandona conto de facer

algo máis, ata o momento en que se divorcie de min. Eu non pretendo dar verdades, senón crear interrogantes e incertidumes no lector. Para min o fito literario prodúcese en dous momentos: Un é a escritura e o outro, a lectura.

—¿Que opina da situación da literatura galega nestes momentos?

—Para min, hoxe, a literatura galega está nun dos seus momentos máis luminosos, con autores como Manuel Rivas, Suso de Toro, Ferrín ou Carlos Canceiro, entre outros. Aínda que para min o grande drama da literatura galega é ter un pobo analfabeto.